

CANTARE TODAS A UNHA



XUNTA
DE GALICIA

LETRAS
GALEGAS
2025 ✱

lingua.gal

Esta exposición é un proxecto da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, no ano das Letras Galegas 2025, dedicado á poesía popular oral, personificada nas "cantareiras".

lingua.gal

COMISARIA

Xulia Feixoo

COORDINACIÓN

Xesús Domínguez Dono

DESEÑO E DIAGRAMACIÓN

Hayat Husein

ASESORAMENTO TÉCNICO

Montse Rivera

COLABORAN

Real Academia Galega



REAL
ACADEMIA
GALEGA



Museo do Pobo Galego

A P O I
ARQUIVO DIXITAL

PRODUCCIÓN

Merlín Comunicación

Grupo Editorial Galaxia



FABRICACIÓN E MONTAXE

CdeC



CANTAREIRAS
Material audiovisual do
Real Academia Galega.
Letras Galegas 2025



FONDO DOROTHY
SCHUBARTH - ANTÓN
SANTAMARINA
Arquivo Senzore de Galicia.
Consello da Cultura Galega



COLECCIÓN
SCHUBARTH - SANTAMARINA
Arquivo do Patrimonio Oral
da Identidade (APOI)
do Museo do Pobo Galego



PANDERETEIRAS DE MENS.
VÍDEO RECOLLIDO POLA
SECCIÓN FEMENINA (1979)
Central Folclore (YouTube). Arquivo
da Agrupación Corus e Rinasas Edós



ACCESO Á DESCARGA
DO MATERIAL
DA EXPOSICIÓN
na sede virtual de Editorial Galaxia

FONDOS GRÁFICOS E DOCUMENTAIS

Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade

(APOI) do Museo do Pobo Galego

Rosa de Cabanas

Arquivo José Manuel Fernández Pensado

Arredor da Tradición

Agrupación Folklórica Aturuxo

Xurxo Lobato

Real Academia Galega

Leilía

Fundación Penzol

Arquivo Editorial Galaxia

Departamento de Musicoloxía da Universidade
de Valladolid

AGRADECEMENTOS

Juan José Alvite Castiñeira

Karlos Abal

Óscar Antón

Xabier Díaz

Enrique Cámara de Landa

Familia Casás

Richi Casás

Juanma Figueiro

Guillermo Ignacio

Concha Losada

Manolo Nieto

Antón Santamarina

Pablo Quintana

Felisa Segade

Familia Varela Lema

Isabel Vigo



CANTAREIRAS
TODAS A
LETRAS
GALEGAS
2025



XUNTA
DE GALICIA

O cantigueiro popular galego na música tradicional

A **oralidade** é parte fundamental na creación de calquera pobo. En Galicia foi, e segue a ser, un dos piares que sosteñen a nosa cultura e identidade e forma parte da nosa creación desde o nacemento do galego.

*Sei un saco de cantigas
a mais unha saquetiña.
Se me puxan pola lingua
desátolle a baraciña.*

*Anque conte nove días
anque cante sete meses
ninguén me oirá decir-e
unha copla dúas veces.*



Partitura dunha xota da Vila da Igrexa, incluída no Cancioneiro popular galego de Dorothé Schubarth e Antón Santa Marina

A **literatura de tradición oral** posúe o valor estético e creativo da fala: as imaxes, as metáforas, a retranscrición, o xogo coas rimas...

Hoxe consérvanse milleiros de coplas, contos, refráns e outras fórmulas breves, que conforman un tesouro colectivo.



Manuela de Benito, de pé, cunha veciña de Mens durante unha foliada en Santo André de Teixido en 1980. Fotografía de Pablo Quintana



Rosa Casás, co seu neto Richi Casás, nunha foliada na súa casa da Vila da Igrexa. Arquivo: familia Casás

A música é un dos seus grandes sopor-tes. Estas cantigas poden escoitarse en xotas, muiñeiras, pasodobres, valses, romances...



Virtudes, da Casilla (Cuntis), tocando para Schubarth. Colección Schubarth-Santamarina, APOI-MPG

A señora Manuela (esq.) e Asunción de Boán (dta.), tocando e cantando para Dorothé Schubarth en 1980. Colección Schubarth-Santamarina, APOI-MPG



17 MAIO DÍA DAS
LETRAS GALEGAS
DEDICADO ÁS
CANTAREIRAS

Como se constrúe unha cantiga?

Imaxes, metáforas e dobres sentidos

As **cantigas da tradición oral galega** agochan unha gran riqueza literaria. Nos seus catro versos poden aparecer xogos de palabras, imaxes atrevidas ou dobres sentidos que permiten **dicir sen dicir**, e así falar de temas considerados tabú. As **metáforas**, por exemplo, permiten falar de sexualidade usando símbolos do campo: fiar, abalar, coecer, mallar...



Medio Mundo (Pepe), Barca, Leirado, Salvaterra de Miño.
Fotografía do Cancioneiro popular galego, de Schubarth-Santamarina

Non hai adorno de máis, todo ten unha función. Mesmo o silencio ou o que non se conta. Cada copla convértese nun xogo de intelixencia e creatividade compartida.


Páxina do
Cancioneiro popular
galego, de Dorothe
Schubarth e Anton
Santamarina




*Voume por aquí abaixo,
vou aquí, non vou a nada,
vou abalar unha p'reira
que nunca foi abalada.*

Outras veces úsase o humor para ridiculizar normas sociais.

*Bailador que andas bailando
non póña-lo pé de punta
i-o cura na confesión-he
por eso non che perghunta.*



Catro cantigas
manuscritas de
Rosalía de Castro.
Arquivo: RGL
Academia Galega



Tamén para expresar amor cara a outra persoa.

*Tiña-los ollíños negros
com'a seda de coser-e
necemos un para o i-outro
que ll'habemos de facer-e.*



Cantigas do Cancioneiro popular galego,
publicado por José Pérez Ballasteros en 1886

17 MAIO DÍA DAS
LETRAS GALEGAS
DEDICADO ÁS
CANTAREIRAS

As pandeireteiras de Mens e Asalo

Prudencia, Asunción, Manuela, Adela e Teresa

Prudencia Garrido (*Prudencia de Beán*, 1905-1993), **Asunción Garrido** (*Asunción de Beán*, 1915-2007), **Manuela Lema** (*Manuela de Benita*, 1913-1993), **Teresa García** (*Teresa de Cambada*, 1914-1979) e **Adela Rey** (*Adela da Ghagha*, 1920-2016), xunto con **Teresa Lema** (*Teresa da Canónigha*, 1924-2019), foron unhas mulleres labregas nadas nas aldeas de Mens e Asalo, en Malpica de Bergantiños. Tiñan entre 49 e 67 anos cando comezaron a subir aos palcos e a percorrer o mundo cantando e tocando a pandeireta.



Teresa, Prudencia, Manuela e Adela en Mens, 1982. Arquivo: familia Cajarville, do libro de José Manuel Fernández Pensado *As Vellas de Mens*



Adela, Teresa, Prudencia, Asunción e Manuela desfilando por Arcozelo (Portugal), 1984. Arquivo: Altaruxo, do libro de José Manuel Fernández Pensado *As Vellas de Mens*

Nese mesmo ano, o grupo de Coros y Danzas, da Coruña, desprazouse a Mens para gravar nunha fita de Súper 8 a enorme riqueza do patrimonio oral alí conservado. Ese material está hoxe accesible na rede.

En 1971, a Sección Femenina da Coruña, dirixida por Celsa Flores, desenvolveu en Mens unha Cátedra Ambulante para "adoutrinar as mulleres do lugar".



De esquerda a dereita: Alfonso, Teresa da Canónigha, José e Máxima Lema Longueira, bailando nunha eira ao final da Cátedra Ambulante da Sección Femenina, 1971. Arquivo familiar Varela Lema, do libro de José Manuel Fernández Pensado *As Vellas de Mens*



Asunción, Prudencia, Teresa, Adela e Manuela, na ferverza Cola de Caballo, no mosteiro de Piedra, Zaragoza, 1983. Arquivo: José Manuel Fernández Pensado

A primeira vez que actuaron xuntas en público foi na Coruña en 1972, no XIX Concurso Nacional de Coros y Danzas da Sección Femenina.

*D'onde son esas mociñas
que recollen o ouregcho
do lughariño de Mens
de xunt'a casa do cregcho.*

*Viva Beo e Seaia
Pontella e Río de Vaa
o lughariño de Asalo
é a flor da mucedá.*



17 MAIO DÍA DAS
LETRAS GALEGAS
DEDICADO ÁS
CANTAREIRAS



As pandeireteiras de Mens e Asalo

Prudencia, Asunción, Manuela, Adela e Teresa



En 1973, as pandeireteiras de Mens integráronse na Agrupación Folklórica Aturuxo, da Coruña, dirixida por Manuel Cajaraville, coa que, durante case vinte anos, levaron o seu repertorio bergantiñán por Galicia, Portugal, Francia e A Arxentina.

As pandeireteiras de Mens presentadas por un locutor de Radio Aragón nunha actuación en Calatayud (Zaragoza), 1983. Do libro de José Manuel Fernández Pensado *As Vellas de Mens*



Estas *Vellas de Mens*, coas súas voces e pandeiretas, marcaron un cambio no mundo do folclore, pois foron as primeiras en mostrar nun palco que a tradición tamén vivía nos corpos das mulleres maiores do rural.

Teresa da Canonigha e Manuela da Benita nunha foliada en Santo André de Teixido en 1980. Fotografía de Pablo Quintana



*Viva Mens e viva Asalo
terra onde m'eu criei-e
e tamén digo que viva
ond'eu amores tomei-e.
O lughariño d'Asalo
'tá cercado d'arredor-e
con mazás e ameixeiras
todo parece unha flor-e.*



As cinco mulleres souberon aproveitar aquela porta aberta para coñecer o mundo e vivir experiencias novas.

As Vellas de Mens, con Aturuxo, na praza de María Pita, antes de emprender viaxe cara á Bretaña, 1981. Arquivo: Aturuxo, do libro de José Manuel Fernández Pensado *As Vellas de Mens*

Teresa, Adela, Asunción e Manuela, con Manuel Cajaraville, nos seportais da praza da Quintana, en Santiago de Compostela, durante as XII Xornadas de Folclore, 1980. Arquivo: Aturuxo, do libro de José Manuel Fernández Pensado *As Vellas de Mens*

Polos saberes que atesouraban e pola súa forma de estar no mundo, son hoxe un referente para as pandeireteiras que viñeron detrás.



17 MAIO DÍA DAS
LETRAS GALEGAS
DEDICADO ÁS
CANTAREIRAS

XUNTA
DE GALICIA

Adolfina e Rosa Casás Rama Cantareiras da Vila da Igrexa

Adolfina Casás Rama (1912-2009) e **Rosa Casás Rama** (1914-2005), tía e sobriña, naceron e viviron no lugar da Vila da Igrexa, no Concello de Cerceda, onde aprenderon a cantar e a tocar coas mulleres máis vellas da súa familia materna.



Adolfina, coas súas fillas Teresa e Mercedes.
Arquivo: familia Casás



Rosa, na década de 1940.
Arquivo: familia Casás



Rosa, sentada no centro, coa súa familia, esfollando as fabas.
Arquivo: familia Casás

Na súa xuventude e participaron, xunto con outras veciñas da parroquia, en foliadas da contorna, ás que eran chamadas por teren sona de boas tocadoras.

Ademais de recoñecidas cantareiras da súa comarca de Ordes, traballaron como labregas e lavandeiras.



*Todo o mundo me marmula
porque son adivertida,
malas linguas ó inferno
que gobern'a miña vida.*

*Rosiña cantaba benhe,
Delfina vaina seggando,
así fai a boa nena
que do amor se vai rindo.*



Rosa, cos seus fillos, Antonio e Rafael.
Arquivo: familia Casás

*As rapaciñas da Vila
non as hai que marmular-e,
saben toca-lo pandeiro,
tamén saben traballar-e.*

Ambas as dúas foron nais solteiras. Rosa tivo catro fillos (Pedro, María, José María e Rafael) e Adolfina tres fillas (Mercedes, Carmen e Teresa).



17 MAIO DÍA DAS
LETRAS GALEGAS
DEDICADO ÁS
CANTAREIRAS



Adolfina e Rosa Casás Rama Cantareiras da Vila da Igrexa



A ruada vai i-eito,
ela non é de perder-e
se non te-la cama feita,
rapaza vaina facer-e.

A i-aldeña da Vila
está pintada darredor-e
que a pintaron as nenas
cunha cinta de color-e.



Rosa e Adolfina cantando e tocando para Dorothé Schubarth en 1980. Colección Schubarth - Santamarina, APOI-MPG

En 1980, **Dorothé Schubarth** chegou á Vila da Igrexa coa súa gravadora para entrevistar a Adolfina e Rosa (volveu en 1983). A etnomusicóloga suíza sorprendeuse pola orixinalidade das coplas que as tocadoras creaban, e recreaban, nos seus cantares.

Moitas das 250 coplas que Schubarth recolleu naquelas sesións narraban acontecementos da contorna.

Parte destes cantares forman parte do *Cancioneiro popular galego*, publicado por Dorothé e por Antón Santamarina.



Adolfina, tocando a pandeireta a carón da lareira. Colección Schubarth - Santamarina, APOI-MPG



Adolfina Casás nunha festa na súa casa. 1965. Arquivo: Richi Casás

As gravacións orixinais poden escoitarse dixitalizadas no Arquivo Sonoro do Consello da Cultura Galega e no Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI), do Museo do Pobo Galego.

Richi Casás, neto e afillado de Rosa, publicou en 2020 o libro-disco *Fuliada na vila*, onde recupera os cantares e a memoria das mulleres da súa familia.



Rosa e Adolfina, tocando a pandeireta e o prato, nunha festa do río Arneiro en 1990. Arquivo: familia Casás



17 MAIO DÍA DAS
LETRAS GALEGAS
DEDICADO ÁS
CANTAREIRAS

XUNTA
DE GALICIA

Eva Castiñeira Pandeireteira de Agranzón

Josefa Eva Castiñeira Santos (Eva das Pardelas, 1925-2008) naceu na aldea de Agranzón, parroquia de San Martiño de Ozón, no concello de Muxía.

*As rapasas da Coruña
non é unha que son todah,
botan dous pares de medias
pra fase-las pernas ghordas.*

*Toca miña pandereta
si non heite de rachar-e
que me custáste-los cartos
axúdamos a ghanar-e.*



Eva Castiñeira coa pandeireta, fotografada por Pablo Quintana en 1981 para o disco Recoillita. Vol. I




Hórreo na parroquia de Ozón, Muxía

Xa na mocidade, tocou nos bailes organizados polas mozas da aldea. En Agranzón, un dos lugares para xuntárense era a casa familiar: abaixo paliaban as vellas, mentres a mocidade bailaba no sobrado.



Eva e a súa pandeireta. Arquivo familiar. APOI-MPG



Casou en 1950 con Amadeo Alvite e tiveron oito fillos, un deles finado de cativo: José, Manuel, Celestino, Juan José, Pedro, José Luís e Óscar. A familia traballaba a terra, ía ao xornal e vendía peixe no porto de Muxía.



Eva Castiñeira nunha romaría. Arquivo familiar. APOI-MPG

En 1969 a familia mudouse á Coruña, onde Eva frecuentaba as festas de San Pedro de Visma, tocando e cantando de par da súa irmá Engracia.



17 MAIO DÍA DAS
LETRAS GALEGAS
DEDICADO ÁS
CANTAREIRAS



Eva Castiñeira Pandeireteira de Agranzón



Concerto de Milladoiro, coa colaboración especial de Eva e Engracia Castiñeira, no pavillón de deportes de Riazor, 19-VIII-1981. © Xurxolobato

Para sacar adiante a familia, Eva traballou como empregada doméstica. Nunha das casas que asistía, coincidiu con Martín Fernández Maceiras, fundador da discográfica Ruada, quen a presentou a Rodrigo Román, daquela compañeiro na discográfica.



Florencio, o cego dos Vilares, con Antón Santamarina, na recollida para o Cancioneiro popular galego. Colección Schubarth - Santamarina, APOI-MPG

En 1981, Eva e Engracia subiron ao escenario do pavillón de Riazor como colaboración especial nun concerto do grupo **Milladoiro**. Foi a primeira vez que dúas pandeireteiras tradicionais acompañaban a un grupo folk galego en directo. A "Danza de Agranzón" quedou desde aquela no repertorio do grupo co título "Rompeu a chicultureira", no disco *As fadas de estraño nome* (1995).



*Este ano fun á Barca,
pró que vén hei de volver-e
que me quedou a mantilla
no altar sin recoller-e.*

*Aí vos vai a despedida,
aí vos vai a deerradeira,
acabous'o chiculture,
rompeu a chicultureira.*



Rodrigo, abraiado pola mestría de Eva, decidiu gravala no estudio de Ruada, cunha gravadora de bobina TEAC. Así quedaron recollidas unha danza, un pasodobre, unha muiñeira ribeirá, un valse corrido e unha xota.



As fadas de estraño nome (1995), disco de Milladoiro onde se inclúe a "Danza de Agranzón", co título de "Rompeu a chicultureira"

Ese mesmo ano, Ruada publicou o disco *Recoilleita. Vol. 1*, coordinado por Pablo Quintana, con Eva Castiñeira nunha cara e Florencio, o Cego dos Vilares, na outra.



17 MAIO DÍA DAS
LETRAS GALEGAS
DEDICADO ÁS
CANTAREIRAS



XUNTA
DE GALICIA

Os cancioneiros

9

No século XVIII, **frei Martín Sarmiento** foi o primeiro en estudar con rigor os cantos populares galegos. Recolleu coplas, nomeou as persoas informantes e defendeu que a creación popular tiña tanto valor como a culta. Abriu así o camiño para unha nova mirada sobre a tradición oral.



María de Penas Altas co leghón. 2017. Arquivo: Arredor da Tradição

En 1863, **Rosalía de Castro** publicou *Cantares gallegos*, baseado en composicións que recolleu con Manuel Murguía nas aldeas da contorna. Supuxeron un salto simbólico: os cantos das mulleres do rural entraban na historia da literatura galega.



No **Rexurdimento**, as escritoras non tiñan acceso aos textos medievais en galego, pero si a unha fonte viva para achegarse á nosa tradición cultural: os cantares de tradición oral, como romances, cantigas, contos, refráns...



1 Recopilación de muchas palabras voces y frases de la lengua gallega del Ilmo. P. Sarmiento... para uso de Tomas Giron y Estrella. Arquivo: Fundación Penzol

Multiplicáronse as recollidas, entre as que destaca o *Cancionero popular gallego*, de **José Pérez Ballesteros** (1885-1886), o único dispoñible durante décadas.



Pandóireteiras na romaría de San Cósmedo (Balona). Gravado de La Ilustración Española y Americana 10, 1875



Marcial Valladares

Outros traballos importantes quedaron sen publicar ata finais do século XX, como o de **Marcial Valladares** (1867), **Juan Antonio Saco y Arce** (1881), **Florentino Martínez Torner** e **Jesús Bal y Gay** (década de 1930) e **Casto Sampedro** (1942).

17 MAIO DÍA DAS
LETRAS GALEGAS
DEDICADO ÁS
CANTAREIRAS



O Cancioneiro popular galego (1984-1995, 7 vols.) é unha obra fundamental sobre a música de tradición oral galega. Elaborouno a etnomusicóloga suíza Dorothé Schubarth, coa colaboración do lingüista Antón Santamarina.



Dorothé Schubarth facendo traballo de campo para o *Cancioneiro popular galego*. Colección Schubarth - Santamarina, APOI-MPG.


Santamarina encargouse das transcricións, do traballo textual e das ligazóns coas compilacións anteriores. Schubarth estudou os tipos melódicos, as relacións entre letra e música, os xéneros tradicionais e as súas conexións coa Península e Europa.




Dorothé Schubarth nunha entrevista a Carmen Lousada, no Courel. Colección Schubarth-Santamarina, APOI-MPG.



Dorothé gravando en Reguelle, Mazaricos. Colección Schubarth-Santamarina, APOI-MPG.




Antifona da cantiga, de Ramón Cabanillas (primeiro libro publicado por Galaxia en 1951), recompilación de cantigas populares.



Entre 1978 e 1983 percorreron Galicia recollendo cantos nas aldeas, cun interese especial nas formas máis arcaicas, xa desaparecidas noutros lugares de Europa.

As súas investigacións publicáronse en sete volumes, que recollen miles de coplas e melodías, clasificadas e ordenadas sistematicamente, acompañadas de casetes cunha selección dos cantares estudados.



Benjamín Santamarina e seu fillo, Antón Santamarina, na coíña da casa familiar en San Martín de Suarda, A Fonsagrada. Colección Schubarth - Santamarina, APOI-MPG.

A súa metodoloxía achegou unha mirada nova e profunda sobre o canto popular galego e as súas portadoras. O traballo de campo e as vivencias compartidas deixaron en Schubarth unha pegada que marcaría o resto da súa carreira.



17 MAIO DÍA DAS
LETRAS GALEGAS
DEDICADO ÁS
CANTAREIRAS

Recollida e recuperación do patrimonio oral

Con un sombreiro de palla

Con un sombreiro de palla físis
un galego o portad'bis
Mentras adousou o Meno
cabelell' o sombreiro o boy

Falade ben baixo
petade paquino
pra que non des pente
oloso Meno
que é muy pequenito
muy pequenito

And'axina compaíños físis
vinde e conede ben
e verades o Meno
nun perche sendo Rey. Falade...

And'axina compaíños físis
que xa todos van ala
tan pamen de lors un queiro
que e proteno e mais pra'at.
Falade e físis

Desde a década de 1970, espallouse por Galicia un movemento de recuperación da música e do baile de tradición oral coñecido como *recollidas*.



Veciñas e veciños de Mens de foliada en Santo André de Teixido.
Arquivo: Pablo Quintana

A meirande parte destas iniciativas xurdiron fóra do ámbito académico e impulsadas por persoas vinculadas a asociacións culturais e grupos de música e baile tradicional. O obxectivo principal era recoller testemuños de persoas de idade avanzada, portadoras dunha memoria musical e corporal que se consideraba en risco de desaparición.



Nieves Martinez entrevistada por Xulia Feixoo en Amoedo. Marzo de 2017.
Arquivo: Arredor da Tradição



Xulia Feixoo con María López Otero, da aldea do Caño, na illa de Ons.
Setembro de 2022. Arquivo: Xulia Feixoo

A relevancia deste movemento radica tamén no impulso que supuxo para a profesionalización do sector e a revalorización das protagonistas principais: as mulleres que conservaron e transmitiron os saberes do canto e do baile.



Solmiro da Cesteira (A Rúa, Gharghamala), a través da cámara.
Arquivo: Arredor da Tradição



María Grande Sobral tocando e pandeiro mentres Xabier Díaz a grava en casete.
Arquivo: Xabier Díaz

A motivación combinaba o interese pola transmisión cultural coa necesidade de contar cun repertorio para as súas clases e espectáculos.

As recollidas realizábanse en grupo, cunha forte compoñente de socialización. Co tempo, fóronse afinando os métodos de gravación e o enfoque documental e moitas das gravacións deron lugar a arquivos privados, ben deles aínda sen catalogar.



Dorothé e Escrivitud, na Agrola, Parada (Ordos).
Colección Schubarth-Santamarina, APOI-MPG

Dorothé Schubarth e Antón Santamarina, co director do Museo do Pobo Galego Carlos García Martínez, na doazón dos materiais orixinais do Cancioneiro popular galego (2014).
Colección Schubarth-Santamarina, APOI-MPG

17 MAIO DÍA DAS
LETRAS GALEGAS
DEDICADO ÁS
CANTAREIRAS

no ronsel do cantigueiro

O **cantigueiro popular galego** segue sendo un dos piares fundamentais da tradición oral viva. A súa vitalidade mantense grazas a numerosos proxectos vinculados á compilación, preservación e ensino da música e do baile tradicionais.

Asociación Cultural Folclórica
O Fiadeiro, nun obradoiro de
música e baile



Xacarandaina naceu na Coruña en 1978 coa finalidade de recoller, conservar e transmitir o folclore popular galego

O cantigueiro popular tamén se manifestou en iniciativas musicais e artísticas que levaron a nosa tradición aos escenarios, como as **Leilía**, cun espectáculo construído arredor das voces e das pandeiretas, acompañadas de instrumentos da vida cotiá, como **latas**, **sachos** e **tixolas**, nun xesto que evocaba as festas das aldeas.



Leilía foi dos primeiros grupos que recuperaron melodías e coplas tradicionais para levalas aos escenarios

No seu disco *Consentimento* (2012), **Leilía** rende homenaxe a Eva Castiñeira e ás mulleres que, con voces febles e mans cansas, mantiveron vivo un patrimonio de enorme riqueza.

Xacarandaina, A Gentilha do Pichel, O Fiadeiro, Cantigas e Agarimos, Trépia son algunhas das asociacións máis representativas, aínda que moitas máis tamén se estenden por todo o territorio galego.



**Cantade todas a unha
que o cantar e beilar
non é vergonza ningunha.**



O grupo tradicional Pallamallada creouse a mediados dos anos oitenta nas terras de Arousa

Despois delas viñeron moitas outras: **Pallamallada, Tanxedoras, Raigañas, Xiradela, Lagharteiras, Bouba, Tanxugueiras...** Un ronsel de pandeireterías que manteñen aceso o lume da tradición.

17 MAIO DÍA DAS
LETRAS GALEGAS
DEDICADO ÁS
CANTAREIRAS

